

PROCEDEMENTO: CT302F – Festivais de música

ASUNTO: Resolución de concesión de axuda

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. No *Diario Oficial de Galicia* número 93 do día 14 de maio de 2024 publicouse a Resolución do 25 de abril de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións a festivais de música e a súa convocatoria para o ano 2024. (Código do procedemento CT302F).
2. O día 14 de xuño do 2024, rematado o prazo de presentación de solicitudes, relacionadas no anexo I, procédese ao seu estudo, xunto coa documentación complementaria presentada e se realizan os pertinentes requirimentos.
3. Como resultado da xestión de comprobación de toda a documentación, as solicitudes que se relacionan no anexo II non continúan no proceso pola causa que se indica e os expedientes que se relacionan no anexo III son remitidos á comisión de valoración para que, en aplicación dos criterios establecidos no artigo 15 das bases da convocatoria, sexan avaliados, xa que se considera que cumpren todos os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para ser subvencionados.
4. O día 12 de xullo de 2024 reúnese a comisión avaliadora para estudar e analizar as solicitudes e a documentación complementaria e rematada esta reunión, remite a Acta-informe coa relación de solicitudes e a puntuación acadada por cada unha delas en aplicación dos criterios de avaliación establecidos nas bases. Esta relación coa puntuación expresada de maior a menor, determina a orde de prelación das persoas susceptibles de ser beneficiarias e reflíctese no anexo IV.



5. O día 29 de xullo de 2024 o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) tras a instrución do expediente, emite a proposta de resolución de concesión de axuda, que reflicte as entidades propostas para ser subvencionadas co importe asignado a cada unha delas, tal e como se recolle no anexo V e elévaa á Presidencia da Agadic.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para a resolución de concesión da axuda o Presidente do Consello Reitor da Agadic, segundo o sinalado no artigo da Resolución do 25 de abril de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións a festivais de música e a súa convocatoria para o ano 2024. (Código do procedemento CT302F), debendo ditar resolución expresa, no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución.

Examinada a proposta de resolución do Director da Agadic, e de conformidade con ela,

RESOLVO:

1. Inadmitir ou desistir as s solicitudes que se relaciona no no anexo II pola causa que se indica.
2. Conceder a subvención, polos importes que se expresan, ás entidades solicitantes que se relacionan no anexo V.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais O prazo para interpor o recurso de



reposición será dun mes, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Notifíquese á resolución as entidade interesadas, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Presidente do Consello Reitor da Agadic
José Carlos López Campos



ANEXO I
SOLICITUDES RECIBIDAS

Nº EXPEDIENTE	NIF	PERSOA SOLICITANTE	PROXECTO
CT302F/2024/1	B72428337	Caudal Fest, SL	Caudal Fest 2024
CT302F/2024/2	V70743091	Recorda Fest AIE	Recorda Fest 2024
CT302F/2024/3	G44819639	Asociación Cultural Ribe-la	Ribela Love Nature
CT302F/2024/4	B322487050	Ourenrocksound Produc-cións SL	IX Edición Ouren Sound Fest
CT302F/2024/5	G16815995	Asociación Festibandeira	Festival Murallón de Son
CT302F/2024/6	G70161096	Asociación Ateneo de Santiago	Sexta Edición do Festival de Música Antiga e Barroca. Ateneo Barroco 2024.
CT302F/2024/7	B44654838	El Puerto Producciones, SL	Morriña Fest 2024
CT302F/2024/8	B27740117	Old Navy Port Produccion-es, SL	Resurrection Fest 2024
CT302F/2024/9	B94040029	I-Radia Crea, SL	FIV de Vilalba 2024
CT302F/2024/10	G27867076	The Wild	The Wild Fest 2024 VI Edición
CT302F/2024/11	G27499417	Facela Producciones	Facela Fest 2024
CT302F/2024/12	G27503374	Asociación Cultural os Trece Roéis	Trece Roéis Fest



ANEXO II

SOLICITUDES NON ADMITIDAS E DESISTIDAS

A) NON ADMITIDAS

Nº EXPEDIENTE	NIF	SOLICITANTE	PROXECTO	CAUSA INADMISIÓN
CT302F/2024/4	B322487050	Ourenrocksound Produccións SL	IX Edición Ouren Sound Fest	Artigo 1.3 das bases da convocatoria
CT302F/2024/7	B44654838	El Puerto Producciones, SL	Morriña Fest 2024	Artigo 1.3 das bases da convocatoria
CT302F/2024/8	B27740117	Old Navy Port Producciones, SL	Resurrection Fest 2024	Artigo 1.3 das bases da convocatoria
CT302F/2024/12	G27503374	Asociación Cultural os Trece Roeis	Trece Roeis Fest	Artigo 1.3 das bases da convocatoria

B) SOLICITUDES DESISTIDAS

Nº EXPEDIENTE	NIF	SOLICITANTE	PROXECTO	CAUSA DESISTIMIENTO
CT302F/2024/2	V70743091	Recorda Fest AIE	Recorda Fest 2024	Artigo 8.2 das bases da convocatoria
CT302F/2024/11	G27499417	Facela Producciones	Facela Fest 2024	Artigo 8.2 das bases da convocatoria



ANEXO III
SOLICITUDES ADMITIDAS PARA AVALIACIÓN POLA COMISIÓN DE VALORACIÓN

Nº EXPEDIENTE	NIF	PERSOA SOLICITANTE	PROXECTO
CT302F/2024/1	B72428337	Caudal Fest, SL	Caudal Fest 2024
CT302F/2024/3	G44819639	Asociación Cultural Ribela	Ribela Love Nature
CT302F/2024/5	G16815995	Asociación Festibandeira	Festival Murallón de Son
CT302F/2024/6	G70161096	Asociación Ateneo de Santiago	Sexta Edición do Festival de Música Antiga e Barroca. Ateneo Barroco 2024.
CT302F/2024/9	B94040029	I-Radia Crea, SL	FIV de Vilalba 2024
CT302F/2024/10	G27867076	The Wild	The Wild Fest 2024 VI Edición

ANEXO IV
SOLICITUDES POR ORDE DE PRELACIÓN SEGUNDO A PUNTUACIÓN OBTIDA

Nº EXPEDIENTE	NIF	PERSOA SOLICITANTE	PROXECTO	PUNTUACIÓN TOTAL
CT302F/2024/9	B94040029	I-Radia Crea, SL	FIV de Vilalba 2024	50,58
CT302F/2024/10	G27867076	The Wild	The Wild Fest 2024 VI Edición	48,67
CT302F/2024/1	B72428337	Caudal Fest, SL	Caudal Fest 2024	45,67
CT302F/2024/3	G44819639	Asociación Cultural Ribela	Ribela Love Nature	41,33
CT302F/2024/6	G70161096	Asociación Ateneo de Santiago	Sexta Edición do Festival de Música Antiga e Barroca. Ateneo Barroco 2024.	41
CT302F/2024/5	G16815995	Asociación Festibandeira	Festival Murallón de Son	38,33



**ANEXO V
SOLICITUDES SUBVENCIONADAS**

Nº EXPEDIENTE	NIF	SOLICITANTE	PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO
CT302F/2024/9	B94040029	I-Radia Crea, SL	FIV de Vilalba 2024	10.000,00 €	10.000,00 €
CT302F/2024/10	G27867076	The Wild	The Wild Fest 2024 VI Edición	10.000,00 €	10.000,00 €
CT302F/2024/1	B72428337	Caudal Fest, SL	Caudal Fest 2024	10.000,00 €	10.000,00 €
CT302F/2024/3	G44819639	Asociación Cultural Ribela	Ribela Love Nature	10.000,00 €	4.050,00 €
CT302F/2024/6	G70161096	Asociación Ateneo de Santiago	Sexta Edición do Festival de Música Antiga e Barroca. Ateneo Barroco 2024.	10.000,00 €	10.000,00 €
CT302F/2024/5	G16815995	Asociación Festi-bandeira	Festival Murallón de Son	10.000,00 €	10.000,00 €

